

ESTATUTOS “CLUB NATACIÓN GALAICO”

Capítulo 1: Normas Xerais

Artigo 1º.

O “C. NATACIÓN GALAICO” con C.I.F. G-36217461, e una asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, e ten como obxecto exclusivo o fomento e a práctica da actividade física e deportiva, sen ánimo de lucro.

O seu réxime xurídico adáptase o establecido pola Lei 03/2012, do 02 de abril, do deporte de Galicia: os clubs deportivos réxense, no que se refire a súa constitución, organización e ao seu funcionamento, por esta lei, polas disposicións que a desenvolvan, e polos seus estatutos e regulamentos.

Artigo 2º.

O “C. NATACIÓN GALAICO” practicará como principal modalidade deportiva a natación e estará afiliado a Federación Galega de Natación, que someterá estes estatutos a aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

A Xunta Directiva, previo acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria, adoptado pola maioría de dous terzos dos socios de número presentes, poderá acorda-la creación de novas sección para a práctica de outras modalidades deportivas, debendo adscribirse as correspondentes federacións.

Artigo 3º.

O “C. NATACIÓN GALAICO” someterase o réxime de presupostos e patrimonio propio, coas seguintes limitacións:

1. Non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizo nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir



beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse íntegramente a conservación do seu obxeto social.

2. Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirixidas o público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ao desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.
3. O “**C. NATACIÓN GALAICO**” poderá gravar ou enaxenar bens inmobles, tomar cartos a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpra cos seguintes requisitos:
 - a. Que tales operación sexan autorizadas pola maioría de dous terzos de socios de número presentes en Asemblea Xeral Extraordinaria.
 - b. Que ditos actos non comprometen de modo irreversible o patrimonio da entidade ou a actividade físico-deportivo que constitúe o seu obxecto social. Para a xustificación deste extremo, poderá esixirse, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno ditame económico-actuarial.
 - c. Cando se trate de tomar cartos a préstamo en cuantía superior o 50% do presuposto anual ou que presente unha porcentaxe igual o valor do patrimonio, así como nos supostos de emisión de títulos, será necesario informe da Federación.
 - d. Cando se trate de gravar ou allear bens, mobles e inmobles que foran financiados en todo ou parte, con Fondos Públicos da Comunidade Autónoma será preceptiva a autorización previa do órgano competente da Xunta de Galicia




Artigo 4º.

O “**CLUB NATACIÓN GALAICO**” poderá percibir libremente doazóns que non excedan de 3.000 euros.



Artigo 5º.

O domicilio social queda fixado en Pontevedra, Complexo Deportivo Rías do Sur, Rúa Matos s/n, Pontemuíños, Código Postal 36153.

Capítulo II: Clases de socios, admisións, dereitos, obrigacións

Artigo 6º.

O número de socios será limitado. A Xunta Directiva poderá suspender, nembargante, a admisión e novos socios cando así o esixan razón de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, deportistas, familiares e colaboradores.

Artigo 7º.

Son **socios de número**: As persoas físicas maiores de idade que satisfagan a cuota social ordinaria establecida, é dicir a de maior importe.

Son **socios honorarios**: As persoas físicas que, pola súa labor a favor do club, sexan distinguidas pola Xunta Directiva, tendo posto de preferencia nos actos sociais organizados pola entidade.

Son **socios deportistas**: As persoas físicas que practiquen unha modalidade deportiva dentro da disciplina do clube, coa correspondente licenza federativa en vigor.

Son **socios familiares**: As persoas físicas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con él no mesmo domicilio.

Son **socios colaboradores**: As persoas físicas ou xurídicas, así como os establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de servizos, que queiran voluntariamente colaborar economicamente o sostén das actividades que constitúen o obxecto social do club, que terán dereito a lucir nos seus locais o distintivo de "Socio colaborador do **CLUB NATACIÓN GALAICO**.



Artigo 8º.

Primeiro:

Os socios de **número** terán os seguintes dereitos:

- a. Contribuír o cumprimento dos fins específicos do club.
- b. Esixir que o Club se axuste o disposto pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, así como as normas de desenvolvemento das ditadas pola mesma e o establecido no presente Estatuto.
- c. Separarse libremente do Club, mediante comunicación por escrito á Xunta Directiva.
- d. Coñecer as actividades do Club e examinalas actividades do Club e examinala súa documentación, previa petición razoada ao Presidente.
- e. Expoñer libremente a súa opinión no seo do Club.
- f. Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno do Club, sempre que teña capacidade de obrar.

Son obrigacións dos socios de **número**.

- a. Abonar as cuotas que esixa a Xunta Directiva, aprobadas pola Asemblea Xeral.
- b. Contribuír ó sostén e difusión do deporte ou deportes promovidos polo Club.
- c. Acatar cantas disposicións que dite a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou o Presidente para o bo goberno do Club.

Segundo:

Os socios **deportistas** terán dereito a disfrutar dos servizos e instalacións utilizados polo Club, previo pago da cuota fixada, estando un adestrador do club presente.

Artigo 9º.

Para ser admitido como **socio de número** será necesario:

- Ter cumpridos 18 anos e ter capacidade de obrar.



- Solicitude por escrito ao Presidente.
- Satisface-la cuota de ingreso fixada pola Asamblea Xeral.
- Iguales requisitos serán esixibles para ser admitido como **socio deportista**, agás o relativo á maioría de idade.

Os socios **familiares** serán admitidos a petición dos socios de número dos que dependan economicamente.

Os socios **honorarios** e os **colaboradores** serán designados por acordo da Asamblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.

Artigo 10º.

A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pago das cotas sociais durante dous meses consecutivos, no caso de estar obrigados a satisfacelas, previo requerimento de pago e consecuente resolución do Presidente.
- Por acordo do Presidente, no seu caso, baseándose na normativa interna do Club Natación Galaico, previa audiencia do interesado/a ante a Xunta Directiva e que que deberá ser ratificado na primeira Asamblea Xeral que se celebre.
- Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.

Capítulo III: Órganos de representación e goberno

Artigo 11º.

Son órganos de representación e goberno do “**CLUB NATACIÓN GALAICO**” o Presidente, a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.



Artigo 12º. Do Presidente

Primeiro:


O Presidente/a é o órgano executivo do Club, posúe a representación legal, convoca e preside os órganos de representación e gobernó executando os acordos destes.

Segundo:

O cargo de Presidente é a título gratuito e carente de interese nos resultados económicos da explotación, por sí mesmo ou a través de persoa interposta. Será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto por entre os membros da Asemblea Xeral, cada 4 anos.


Terceiro:

O Presidente cesará por:

- 
- a. Transcorrer o prazo polo que foi elixido.
 - b. Dimisión.
 - c. Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
 - d. Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
 - e. Inhabilitación por sentenza xudicial firme ou sanción deportiva.

Artigo 13º.

Primeiro:



A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a quince. Ó fronte dela haberá un Presidente, que será o mesmo Presidente do Clube, e formarán parte da mesma un Secretario/a e un Tesoureiro/a.

Tódolos cargos serán gratuítos e carecen de interese no resultados económicos do clube por sí mesmos ou persoa interposta.



Segundo:

Corresponderán a Xunta Directiva as seguintes atribucións:

- a. Mante-la orde e a disciplina no Club, así como nas competicións que se organicen.
- b. Dirixir a xestión do clube, velado polo cumprimento do seu obxeto social.
- c. Sinala-las condicións e formas de admisión de novos socios, así como as cuotas de ingreso e periódicas que deban satisfacerse.
- d. Redactar e reforma-los regulamentos de réxime interior, fixando as normas de uso das instalación e as tarifas correspondentes.
- e. Nomea-las persoas que vaian dirixi-las distintas comisións que se creen , así como organiza-las actividades do Club.
- f. Formular inventario e balance anual, así como redacta-la memoria anual do Club e, en xeral, aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolto do deporte.

Artigo 14º.

Primeiro:

A Xunta Directiva quedará válidamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria, será suficiente a concorrencia, cando menos, de tres dos seus membros e, en todo caso, do Presidente/a ou Vicepresidente/a.

Segundo:

A Xunta Directiva será convocada polo seu Presidente/a con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración. Poderá reunirse a través de medios telemáticos de ser necesario.

Terceiro:

A Xunta Directiva quedará tamén válidamente constituída cando estean presentes **tódolos seus membros**, aínda que non mediara convocatoria previa.



Cuarto:

Os acordos da Xunta Directiva serán adoptados por maioría simple dos seus membros presentes.

Artigo 15º.

Primeiro:

O Tesoureiro/a da Xunta Directiva será o depositario do Club, firmará os recibos e levará os libros de contabilidade. Os pagos serán autorizados con dúas firmas mancomunadas do Tesoureiro/a, Presidente/a ou Vicepresidente/a

Segundo:

Será obrigación do Tesoureiro/a formalizar, durante o mes de setembro de cada ano, balance de situación de contas de ingresos e gastos a 31 de agosto, data de remate da tempada anterior, e elaborar o presuposto da tempada seguinte, que empezará o 1 de setembro dando conta posteriormente os socios do Club mediante a celebración dunha Asemblea Xeral.



Artigo 16º.

O Secretario/a da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten a marcha administrativa do Club e levará o libro de rexistro de socios e o libro de actas.



Artigo 17º.

Os membros da Xunta Directiva, xunto co Presidente, serán elixidos cada catro anos, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto entre tódolos membros da Asemblea Xeral, por maioría simple de votos escrutados e previa presentación e aceptación das candidaturas presentadas en listas pechadas, sendo reelixibles tódolos cargos.



Os candidatos a membros da Xunta Directiva e o Presidente deberán reunir as seguintes condicións:

- Ter a maioría de idade.
- Ter unha antigüedade mínima de dous anos como socio/a de número, ou no seu defecto 5 anos consecutivos como nadador máster ou 5 anos consecutivos con condición senior, agás que antes fose socio deportista menor de idade dependente dun socio de número cunha antigüedade mínima de 8 anos; en caso de condición senior e nadador máster só poderán formar parte na xunta directiva un máximo de dous. Os antigos socios de número alomenos durante 8 anos consecutivos poderán ser membros da xunta directiva con voz e voto na mesma.
- Non ter incorrido en ningunha sanción deportiva que o inhabilite, ditada por órganos competentes, nin estar inhabilitado para exercer cargos públicos.
- En caso de ser elixido, cesar nas actividades técnicas que estivera exercendo no deporte específico do Club.

A convocatoria de eleccións dos membros da Xunta Directiva e o Presidente deberá ser acordado en Asemblea Extraordinaria, que procederá simultaneamente a nomear unha Xunta Electoral, integrada por tres membros titulares e tres suplentes, escollidos entre membros da Asemblea que non sexan candidatos, por maioría simple dos socios presentes.

A convocatoria de eleccións debe ser cursada con unha antelación mínima de 15 días antes da súa celebración, dándose publicidade da mesma no taboleiro de anuncios do Club, así como nunha publicación diaria local, cando menos, e dando conta a Federación Galega de Natación.

As convocatorias explicitarán o calendario electoral, xuntarán o censo de membros da Asemblea con dereito a votar, sinalarán o período hábil de presentación de candidaturas, o prazo de presentación ou rexeito por parte da Xunta Electoral, e indicarán os recursos posibles no caso de non aceptación de un candidato ou contra outros aspectos básicos da convocatoria ou do censo electoral, facendo públicas as candidaturas aceptadas ca debida antelación a data de elección.



As eleccións serán controladas pola Xunta Electoral e os interventores designados polos candidatos, que levantarán acta unha vez finalizada a votación e recuento dos votos, sen que sexan admisibles os votos por correo.

No suposto de unha soa candidatura, non se fará votación, procedendo á Xunta Electoral a proclamar Presidente e membros da Xunta Directiva os candidatos presentados e dando conta a Federación Galega de Natación e ao Rexistro de Entidades Deportivas e Deportistas de Galicia.

No caso de empate, celebrarase unha nova elección sete días despois no mesmo lugar, hora e condicións.

Si non se presentase ningunha candidatura, ou non fosen admitidas as presentadas, esta comisión xestora levará a cabo o novo proceso de convocatoria, e xestionará a rutina da entidade ata que haxa unha nova dirección.

A Xunta Directiva cesará nas súas funcións, procedéndose á convocatoria de novas eleccións, no caso de que así o decidan os dous terzos dos socios de número presentes na Asemblea Extraordinaria convocada a estes efectos.

Calquera membro da Xunta Directiva ou o Presidente poderá presentar a dimisión por propia iniciativa, en tanto permanezan como mínimo tres membros da mesma, pois en caso contrario deberá procederse a convocar novas eleccións.

No devandito caso de dimisión ou remoción, os membros da Xunta Directiva restantes, por decisión da maioría simple, procederán a nomear os substitutos dos dimitidos ou removidos entre candidatos que reúnan os requisitos elixibles, debendo ser refrendados pola maioría simple de socios asistentes a primeira Asemblea Xeral que se convoque e dando conta a Federación Galega de Natación e ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o Presidente/a da Xunta Directiva será substituído polo Vicepresidente/a. Os demais membros serán substituídos polos restantes membros que designe o Presidente/a en cada caso, durante un período transitorio non superior a tres meses.



Artigo 18º.

Primeiro:

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do Club e estará integrada por tódolos seus socios de número e os socios deportistas representantes á que se refire o parágrafo 2 do artigo 6 dos presentes estatutos.

Segundo:

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedaran válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas, presentes, a maioría dos seus socios. En segunda convocatoria, quedará válidamente constituída calquera que fose o número de socios asistentes. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a súa celebración haberán de mediar, cando menos, dez días naturais e non poderán transcorrer máis de vinte.

Artigo 19º.

A Asemblea Xeral será convocada polo Presidente/a, a iniciativa propia, ou ben a petición do vintecinco por cento, cando menos, dos socios de número.

A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario cando menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a. Memoria, liquidación de presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación, se procede.
- b. Presuposto para o exercicio seguinte, aprobación de cotas.
- c. Proxectos e propostas da Xunta Directiva.
- d. Proposicións que formulen os socios, que deberán ir asinadas cando menos polo quince por cento dos de número.
- e. Rogos e Preguntas.

A Asemblea Xeral poderá reunirse por medios telemáticos de producirse circunstancias excepcionais que o xustificasen.



Deberá celebrarse Asemblea Xeral Extraordinaria para a modificación dos estatutos, acordar a convocatoria de eleccións dos membros da Xunta Directiva e o Presidente, tomar cartos a préstamos, emisión de títulos representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial e enaxenación de bens inmoables e fixación de cotas dos socios e calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que se estime oportuno polo Presidente ou proceda legalmente.

Artigo 20º.

Os acordos da Asemblea Xeral, salvo aqueles casos en que outra cousa fora disposta nos estatutos, adoptaranse por maioría simple dos presentes. Serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes.

Capítulo IV: Réxime documental

Artigo 21º-

O réxime documental do Club constará dos seguintes libros: de socios, de actas e de contabilidade.

Artigo 22º.

No libro de rexistro de socios deberán constar os nomes e apelidos dos socios de número e dos socios deportistas representantes á que se refire o parágrafo 2 do artigo 6 dos presentes estatutos, o seu documento nacional de identidade e, no seu caso, os cargos de representación, gobernó e administración que exerzan no Club, especificando as datas de altas e baixas e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.



Artigo 23º.

Nos libros de actas consignaranse as reunión que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas serán asinadas polo Presidente/a e o Secretario/a.

Artigo 24º.

Nos libros de contabilidade figurarán, tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, así como os ingresos e gastos do Club, debendo precisarse a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

Capítulo V: Seccións deportivas

Artigo 25º.

Cando a Xunta Directiva acorde a práctica dunha modalidade deportiva, creará a sección correspondente, que deberá ser afiliada a Federación que proceda e comunicarllo ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Artigo 26º.

Cada sección deportiva ocuparse de todo o relativo á práctica da modalidade deportiva correspondente, baixo a coordinación e superior dirección da Xunta Directiva.

Capítulo VI: Emisión de títulos de débeda ou parte alícuota

Artigo 27º.

O “**CLUB NATACIÓN GALAICO**” poderá emitir títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial. Os títulos serán nominativos.



Artigo 28º.

1. Os títulos inscribíranse nun libro que levará o Club, no que se anotarán as sucesivas transferencias.
2. En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 29º.

Os títulos de débeda só poderán suscribirse polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial aos socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 30º.

Os títulos da parte alícuota patrimonial serán así mesmo suscritos polos socios. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción dividendos ou beneficios.

Artigo 31º.

Os títulos de débeda e parte alícuota patrimonial serán transferibles sómentes entre quenos teñan a condición de socio.

Capítulo VII: Reforma dos estatutos e disolución do Club

Artigo 32º.

Os presentes Estatutos só poderán modificarse, reformarse ou derogarse por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal fin, mediante votación favorable de dous terzos de socios de número asistentes e dos socios deportistas representantes á que se refire o parágrafo 2 do artigo 6 dos presentes estatutos.



A reforma destes Estatutos seguirá, con respecto o rexistro de asociacións deportivas, os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.

Artigo 33º.

O “**C. NATACIÓN GALAICO**” extinguirase ou disolverase por acordó da maioría suficiente que se determine nos estatutos, dos membros da Asamblea Xeral do Club Natación Galaico.

Outras causas de disolución e sentenza xudicial ou calquera outra causa prevista legalmente.

Artigo 34º.

Disolto o club “**C. NATACIÓN GALAICO**”, o remanente do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo ben por acordó previo da Asamblea Xeral ou subsidiariamente polo órgano competente en marteria de deporte da Xunta de Galicia.

Capítulo VIII: Do Réxime Disciplinario

Principios Xerais:

Artigo 35º.

Os órganos e socios do clube estarán sometidos o regulamento disciplinario do clube e o disposto no Título VII da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo o Presidente e os membros da Xunta Directiva responderán fronte os Socios, o Clube ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Clube e o Ordenamento Xurídico vixente.



Artigo 36º.

No caso de que se seguise algún proceso penal, ou administrativo ante autoridade deportiva ou administrativa de rango superior ao Club, haberá de suspenderse o que proceda de acordo con estes Estatutos en tanto non conste resolución firme naqueles.

Non poderán imporse dúas sancións polo mesmo feito, fóra daquelas de natureza complementaria non contempladas na sanción principal e que garden proporción cos feitos cometidos.

Artigo 37º.

A competencia para impor as sancións, por infraccións de calquera tipo, corresponde á Xunta Directiva, agás o regulado do artigo 10 dos estatutos. Corresponde ao Presidente a adopción das medidas para o seu cumprimento.

Infraccións e sancións disciplinarias deportivas

As infraccións poden ser leves, graves e moi graves.

Recollerase o que di a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia no seu Capítulo III.

Prescripción

Según o artigo 126 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia as infraccións e sancións tipificadas e establecidas nesta Lei prescriben nos seguintes prazos:

- Moi graves os dous anos
- Graves o ano
- Leves aos seis meses

Procedementos Disciplinarios deportivos

Recollerase o que di a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia no seu Capítulo IV.



Artigo 38º.

Correccións a cargo do Corpo Técnico

Todas as anteriores disposicións entenderanse sen prexuízo das facultades de corrección que sobre os deportistas atribúense aos integrantes dos diversos corpos técnicos do Club ou as súas sección en relación con aqueles comportamentos deportivos ou relacionados coas actividades de adestramento, competición e accesorias das mesmas que perxudiquen ou afecten ao normal desenvolvemento das tarefas e actividades deportivas.

A tal fin, nos Regulamentos de Orde Interna ou da Sección poderán definirse comportamentos e as súas respectivas correccións, con respecto aos principios de proporcionalidade, celeridade e eficacia, cuxa imposición e supervisión corresponderá aos mesmos Técnicos, sen prexuízo da súa revisión e eventual modificación pola Xunta Directiva.

Dos comportamentos e respectivas correccións impostas haberá de darse conta periódicamente á Xunta Directiva, sen prexuízo de elevar a ésta a oportuna comunicación con respecto a aqueles que puidesen integrar alguna das faltas disciplinarias previstas nos presentes Estatutos ou nos Regulamentos de Orde Interna ou de Sección do Club.

